

Procedemento de xestión de emerxencias

1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este procedemento ten por obxecto desenvolver a sistemática para o establecemento das medidas de emerxencia recollidas no artigo 20 da Lei de prevención de riscos laborais nos centros de traballo da Administración xeral da Xunta de Galicia, de xeito que proporcionen a preparación e resposta ante emerxencias, loita contra o lume ou primeiros auxilios ao persoal traballador.

2. Establecemento das medidas de emerxencia

As medidas de emerxencia permitirán en cada centro:

- Analizar as posibles situacións de emerxencia
- Adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal traballador
- Formar o persoal suficiente para pór en práctica as medidas anteriores (grupos de acción), comprobando periodicamente, se é o caso, o correcto funcionamento
- Informar as persoas ocupantes dos edificios sobre como actuar en caso de emerxencia

Para a aplicación das medidas adoptadas anteriormente, terase en conta o tamaño e a actividade e deberanse organizar as relacións que sexan necesarias cos servizos externos, en particular, en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de forma que se garanta a súa rapidez e eficacia.

2.1. Análise das posibles situacións de emerxencia.

Analizaranse aquelas situacións de emerxencia que con máis probabilidade poidan afectar a actividade do centro e que poidan ter repercusión na seguridade.

Como información de partida emprégase o historial de accidentes ou emerxencia acaecidos ata o momento, as características físicas do edificio (altura, vías horizontais e verticais, número de saídas a nivel da rúa e o seu largo, as instalacións, as actividades que se realizan, número de persoal traballador ou visitantes, así como calquera outra información relacionada que se posúa.

2.2. Elaboración das medidas de emerxencia.

Con todos os datos obtidos durante a identificación de situacións de emerxencia, procederase á elaboración das correspondentes medidas de emerxencia que conteñan, como mínimo:

1. Análise xeral do edificio, con indicación das características do inmovible e do seu contorno.
2. Medios de protección existentes, que incluírá a relación dos medios materiais e humanos.
3. Plan de acción, polo que se deseña a secuencia de actuación que se seguirá en caso de emerxencia.
4. Implantación que conterá a designación do persoal dos grupos de acción e os programas necesarios de adestramento, formación, información e simulacros, de forma que o persoal do centro estea en condicións de aplicar as indicacións establecidas nas medidas de emerxencia.

Os contidos básicos das medidas de emerxencia figuran como anexo deste procedemento (anexo ME-01).

2.3. Implantación das medidas de emerxencia.

Grupos de acción

De entre o persoal do centro de traballo e de forma voluntaria constituiranse e formaranse os equipos denominados grupos de acción, que intervirán no caso de emerxencia, tendo en conta os seguintes criterios:

A persoa responsable do centro de traballo será a que desempeñe a xefatura de emerxencia ou elixirá o candidato máis idóneo para estas funcións. Tamén propondrá e, se é o caso, designará, o xefe/a de intervención así como o resto dos membros dos grupos de acción.

Cando, por calquera razón, a persoa que desempeñe a xefatura de emerxencia deixe de ocupar o seu posto de traballo, deberao comunicar ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de ser substituída por outra.

Xefatura de emerxencia

No que atinxe ás medidas de emerxencia, á persoa que desempeñe a xefatura de emerxencia correspóndelle:

- Manter os contactos cos servizos externos en aplicación das medidas de emerxencia e co Servizo de Prevención de Riscos Laborais.
- Buscar a forma de incentivar o labor do xefe de intervención e do resto dos integrantes dos grupos de acción ou seguridade (EPI, EAE, EPA).
- Decidirá a activación e posta en marcha das medidas de emerxencia.
- Decidirá a fin da emerxencia.

Xefe/a de intervención

- Xefe/a de intervención será a persoa que mellor coñeza o edificio e as súas instalacións.
- Deberá coñecer o estado de mantemento e funcionamento dos elementos de seguridade.
- Informará a xefatura de emerxencias de cantas anomalías e necesidades aprecie no edificio.
- Colaborará na preparación e realización de simulacros.
- No caso de sinistro, comunicará as actuacións aos grupos de acción.
- Encargarase da transmisión da alarma xeral e do fin desta aos grupos de acción, unha vez que o decida a xefatura de emerxencias.
- Prestará todo o apoio posible ás actuacións dos servizos exteriores de intervención.
- Manterán contacto cos ditos servizos exteriores en períodos de normalidade.

Equipo de primeira intervención (EPI)

- Integrarán este equipo un grupo de persoas do centro de traballo, formados en emerxencias, incendios e primeiros auxilios, segundo o programa de formación establecido no anexo ME-03.
- As misións encomendadas aos equipos de primeira intervención son: utilizar os medios de protección e tranquilizar os usuarios ata a chegada dos medios externos.

Equipo de alarma e evacuación (EAE)

- Integrarán este equipo un grupo de persoas do centro de traballo formados en emerxencias, incendio e primeiros auxilios, segundo o programa de formación establecido no anexo ME-03.
- As misións encomendadas son dar a alarma, avisar da evacuación e indicar as vías de saída ata o espazo exterior seguro, ata a chegada dos medios externos.

Equipo de primeiros auxilios (EPA)

Formarán parte deste equipo un grupo de persoas do centro de traballo que deben estar formados en emerxencias, incendio e primeiros auxilios, segundo o programa de formación establecido no anexo ME-03.

As misións consisten en proporcionar os primeiros auxilios ao persoal que o requira, ata a chegada dos medios externos.

No caso de que non houberse suficientes persoas voluntarias para integrar e completar os grupos de acción, o responsable do centro de traballo, ou no caso de edificios ou centros de traballo sectorizados, os máximos responsables en materia de persoal, poderán designar o persoal que considere máis oportuno (anexo ME-04).

O número de integrantes dos grupos de acción estará en función das características do centro de traballo, tal como quedará definido no documento de medidas de emerxencia deseñadas.

Formación dos grupos de acción. O Servizo de Prevención levará a cabo a seguinte acción formativa dirixida aos grupos de acción:

Curso inicial de prevención de riscos laborais: emerxencias, loita contra o lume e primeiros auxilios.

Curso de refresco de prevención de riscos laborais: emerxencias, loita contra o lume e primeiros auxilios.

O contido e persoal ao que vai dirixido así como a duración, figuran no anexo ME-03.

Xornadas de difusión das medidas de emerxencia. Todo o persoal traballador do centro será informado das medidas de emerxencia a través das xornadas de difusión.

O contido, persoal ao que vai dirixido e duración destas xornadas figuran no anexo ME-03.

Para a comprobación da eficacia das medidas de emerxencia realizaranse simulacros de emerxencia e evacuación.

Para a aplicación destas medidas organizaranse as relacións que sexan necesarias cos servizos externos en particular en materia de primeiros auxilios (061), salvamento e loita contra incendios (bombeiros), policía, etc., e, en todo caso, con Emerxencias de Galicia 112.

Logo da realización dun simulacro e inmediatamente despois, a persoa responsable do departamento ou centro de traballo xuntamente coas persoas membros dos grupos de acción e co asesoramento do Servizo de Prevención elaborarán un informe, indicando as repercusións sobre as posibles deficiencias atopadas no exercicio.

2.4. No caso de centros con pouco persoal traballador e moita afluencia de persoal alleo ou noutros en que, polas circunstancias que fosen, non se puidesen implantar as medidas de emerxencia tal como se describe neste procedemento, entenderase que estas son coñecidas mediante a entrega a cada persoa traballadora da documentación de emerxencia necesaria. Esta documentación distribuirase tamén polos corredores do edificio e permanecerá en sitio ben visible para coñecemento dos usuarios en xeral.

3. Medidas de emerxencia en centros pequenos

En centros ou departamentos de menos de 50 persoas traballadoras o documento de medidas de emerxencia rexerá polo contido que se establece no anexo ME-02, podendo utilizarse tamén o anexo ME-01.

4. Atribución de competencias

Servizo de Prevención de Riscos Laborais

- Será o encargado de elaborar as medidas de emerxencia e colaborar en todas as fases da implantación.
- Será o encargado da formación dos grupos de acción e da difusión do documento a todo o persoal traballador do centro obxecto das medidas de emerxencia, coa colaboración da persoa responsable de cada departamento ou centro de traballo.
- Confeccionará a documentación de emerxencia para entregar ao persoal traballador e distribución en lugares ben visibles do edificio para coñecemento dos usuarios en xeral.

Responsable do centro de traballo

- Correspóndelle impulsar a elaboración e implantación das medidas de emerxencia do seu centro, para o que contará coa colaboración do Servizo de Prevención.
- Colaborará co Servizo de Prevención na elaboración do documento medidas de emerxencia.
- Designará os membros dos grupos de acción.
- Promoverá a realización de simulacros e convocará, se é o caso, as reunións cos servizos externos para a coordinación das actividades de intervención. (Emerxencias de Galicia 112), así como as posteriores para a análise das posibles deficiencias observadas.
- Facilitará a entrega da documentación de emerxencia e demais instrucións a cada persoa traballadora así como a distribución por zonas do edificio ben visibles para información xeral dos usuarios.
- Autorizará a acción formativa aos grupos de acción para que sexa impartida polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

Persoal traballador

- Correspóndelle a cada traballadora ou traballador velar, mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoitadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo e pola daquelas outras persoas a que poida afectar a súa actividade profesional, de conformidade coas instrucións recibidas nas xornadas de formación e difusión.
- O incumprimento polos traballadores das obrigas en materia de prevención de riscos a que se refire o precepto anterior terá a consideración de incumprimento laboral para os efectos do artigo 58.1º do Estatuto dos traballadores ou de falta, se é o caso, conforme o establecido na correspondente normativa reguladora do réxime disciplinario dos funcionarios públicos ou do persoal estatutario ao servizo das administracións públicas.